

Estimados pais e nais:

Como de seguro xa coñecen, para o vindeiro xoves **8 de marzo** están anunciadas numerosas actuacións co gallo do Día Internacional da Muller. Entre elas, as convocatorias de entidades sindicais, políticas e sociais de folga de mulleres cunha duración de 24 horas. Daquela, afectará tamén ao eido educativo, tanto docente, persoal non docente coma estudantil.

Polo que respecta ao alumnado, tendo en conta o punto 15 do artigo 10 das *Normas de Organización e Funcionamento* do IES Mugardos:

*“Coa finalidade de estimular a participación do alumnado nos centros educativos, estes deberán facilitar o dereito de reunión. As decisións colectivas que adopte o alumnado, **a partir do terceiro curso de ESO**, con respecto á asistencia á clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando sexan o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do centro. Para tal fin establécese que deberán ser decisións colectivas por razóns xerais e comunicadas á Dirección previamente (48 horas) pola Xunta de Delegados. (LOE)*

De se producir esta situación, o centro deberá comunicar aos pais a convocatoria desa folga para o seu coñecemento. O profesorado deberá trasladar a falta do alumnado ausente ao XADE e comunicala en conserxería o antes posible quedando esta información a disposición dos titores e da Xefatura de Estudos, que poderán comunicala de xeito inmediato ás familias ou aos servizos da Policía Municipal en caso de se tratar de alumnado de escolarización obrigatoria.”

Comunicámoslles que a Xunta de Delegados/as, reunida esta semana, anunciou a súa intención de apoiar as mobilizacións previstas, e de xeito especial a **folga de mulleres**. Segundo o regulamento do centro, **agardamos que os proxenitores ou titores legais do alumnado feminino menor de idade asinen o recibo da información**. O alumnado masculino, se finalmente decide secundar a folga de mulleres, poderá á xustificar as faltas de asistencia polo procedemento habitual.

Por último, lembramos que nos servizos de transporte, oficina e docencia funcionarán os servizos mínimos establecidos pola administración para atender aos alumnos e alumnas que no exercicio do seu dereito asistan a clase.

O director



COMUNICACIÓN DE CONVOCATORIA DE FOLGA
Entregar en secretaría do centro con 24
horas de antelación ao comezo da
folga.

A cubrir pola secretaría do centro

DATA: de de 20.....

Don/a.....DNI.....

en calidade de nai/pai/titor legal de.....

alumna do curso..... grupo.....

COMUNICA a recepción desta circular informativa sobre a folga de mulleres convocada para o 8 de marzo de 2019.

Asdo:.....

Con motivo do vindeiro venres 8 de marzo as asociacións feministas unidas na Comisión 8M convocan unha folga xeral co obxectivo do parón das mulleres en toda España.

O traballo que todas elas exercen día a día necesita ser resaltado xa que a pesar de todo o que se conseguiu ata agora as condutas machistas, violentas e discriminatorias cara á parte feminina (literalmente a metade da poboación) seguen a estar arraigadas dentro da nosa sociedade. Por estes motivos as nosas alumnas e profesoras quedan convocadas e queremos animalas a que participen nas diversas manifestacións como a dirixida por Libres e Combativas (rama feminista do Sindicato de Estudantes) en Ferrol. Ao alumnado e profesorado masculino pídeselle a colaboración co movemento levando a cabo as tarefas que as súas compañeiras desempeñan na rutina diaria.

Por conseguinte, a Xunta de Delegados convoca a folga no IES Mugar dos para todas as profesoras e alumnas que queiran sumarse á loita feminista.

Firma dos delegados

1º ESO


2º ESO


3º ESO


4º ESO


1º BAC


2º BAC
